

CONTA XERAL 2021

MEMORIA DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROGRAMADOS

O artigo 211.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, determina que os municipios de máis de 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior acompañarán á conta xeral unha memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados, con indicación dos previstos e alcanzados e o seu custo.

Para os efectos de determinar e acreditar o grao de cumprimento dos obxectivos que determina o precepto indicado, resultaría necesario que previamente, xunto co Orzamento anual, fosen aprobados os ditos obxectivos de forma concreta e individualizada.

Así, ante a ausencia da dita concreción, a Deputación Provincial de Ourense pretende prestar os servizos que legalmente lle atribúe a normativa vixente no ámbito local do xeito máis racional e sostible posible.

Non obstante o anterior, no informe que se acompaña á conta xeral desta deputación referido ao custo e rendemento dos servizos prestados, no cal se reflexa o estudo dos gastos e ingresos destes, preséntase unha visión xeral da execución orzamentaria a nivel de obrigas recoñecidas netas e de dereitos recoñecidos netos, a cal nos permite cuantificar o grao de cobertura que representa o financiamento do custo dos ditos servizos.

Ourense, 3 de marzo de 2023

A interventora xeral



Mónica Legaspi Díaz